

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DE NADAL

O NOSO VENDE 2012

Co obxectivo de sensibilizar o sector comercial sobre a importancia do escaparate como instrumento de promoción, o emprego das técnicas de mercadotecnia no punto de venda e e o emprego da nosa lingua como vehículo de comunicación coa clientela, a Asociación de Empresarios e o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela convocan o

II concurso de escaparates e decoración de Nadal: O NOSO VENDE!

- I. Os establecementos interesados en participar no concurso deberán preparar unha **decoración especial con motivo da Campaña de Nadal** nos seus escaparates ou interior dos seus establecementos, que sirva de promoción dos produtos que teñan á venda e tamén do uso da lingua galega nas mensaxes comerciais e, en xeral, en calquera sinalización ou texto informativo. A decoración deberá manterse **ata o día 5 de xaneiro de 2013**.
- II. Para participar no concurso os establecementos deberán inscribirse na *Asociación de Empresarios de Redondela* e **enviar unha ou varias fotografías representativas da decoración ao enderezo electrónico info@empresasredondela.com**, especificando o nome do establecemento, o nome da persoa responsable e o teléfono de contacto. O **prazo** para formalizar a inscrición e remitir as fotografías **remata o día 20 de decembro** de 2012.
- III. A selección dos establecementos gañadores realizarase a través dunha **votación pública** vía **Facebook**, que se habilitará ao longo do mes de decembro. Só se admitirá un voto por persoa, e entre os participantes na votación realizarase un sorteo dun vale de compra no comercio de Redondela por valor de 100 €.
- IV. Poderán participar tanto establecementos comerciais coma hostaleiros, e os premios serán os seguintes:
 - **1º premio:** un ano de cota gratis na Asociación de Empresarios de Redondela e un paquete de cuñas publicitarias en Radio Redondela valoradas en 300€ para o ano 2013.
 - **2º e 3º premios:** un paquete de cuñas publicitarias en Radio Redondela valoradas en 150€ para o ano 2013.*Para todos os participantes, un paquete de cuñas publicitarias valoradas en 50 € na Radio Municipal de Redondela para o ano 2013, nas datas da súa elección.*
- V. **Os premios entregaranse o día 11 de xaneiro**, na gala do comercio que organiza a Asociación de Empresarios de Redondela.
- VI. A participación no concurso implica a aceptación das bases desta convocatoria. A organización resérvase o dereito a eliminar da participación no sorteo a aquelas persoas que realicen comentarios ou accións ofensivas, e tamén a modificar total ou parcialmente calquera dos puntos descritos nestas bases cando se produzan circunstancias que así o aconsellen, ou a cancelar a promoción se por causas alleas á nosa vontade fora necesario declarar desertos os premios.